



San Cibrao das Viñas

Bases reguladoras da convocatoria mediante concurso-oposición para a contratación laboral temporal de 1 xefe de brigada, 1 peón condutor e 2 peóns forestais ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de San Cibrao das Viñas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2021 (cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)).

Primeira: Obxecto da convocatoria.

O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de San Cibrao das Viñas, integrada por 1 xefe de brigada, 1 peón condutor e 2 peóns, no marco do “Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de San Cibrao das Viñas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais”.

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de prevención de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme co artigo 48.6 da Lei 3/2007 e o Pladiga, ou coas disposicións de aplicación en función dos contratos derivados destas bases.

Durante cada un dos meses de vixencia do contrato, os traballadores han de contar con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as queñas de noite necesarias.

Os labores que se van desenvolver en relación con cada categoría consistirán na realización dos seguintes traballos:

1. Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme coa normativa aplicable, o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal, cando así se decida por parte do mando único e conforme co artigo 48.6 da Lei 3/2007.

2. Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios respecto aos traballos de prevención.

3. Traballos de prevención, consistentes en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos. Os restos procedentes destes traballos serán recollidos, amoreados e eliminados mediante trituración ou sistemas similares.

4. Mantemento das ferramentas e equipamento en perfecto estado de uso.

5. Calquera outra relacionada co obxecto da convocatoria, dentro do ámbito competencial da brigada e respectando as distintas categorías nela incluídas.

Segunda. Modalidade e duración do contrato.

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de obra ou servizo, regulada no artigo 15.1 a) do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, a xornada completa e cunhas retribucións de 1.344,80 euros/brutos mes, (xefes de brigadas), 1.166,67 euros/brutos mes, (peóns e peóns condutores); incluída o rateo de pagas extras. A duración da obra ou servizo será de 3 meses, aplicando en cada caso a tem-

poralidade derivada das consignacións orzamentarias que resulten de aplicación.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá, tarde e noite, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

Terceira. Requisitos dos aspirantes.

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

Xefe de brigada: enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán achegar documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Estar en posesión do carné de conducir B.

Peón condutor: estar en posesión do carné de conducir B.

a) Ter cumpridos os 18 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

b) Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, é dicir, non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

c) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

d) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Cuarta. Sistema de selección.

O procedemento de selección consistirá nunha fase de concurso-oposición que se levará a cabo mediante a validación dos méritos presentados e obxecto de puntuación, que virá determinada pola suma das puntuacións dos méritos valorados para cada aspirante, así como a fase de entrevista e proba práctica.

A) Experiencia profesional: puntuación máxima: 3,5 puntos.

1. Por servizos prestados en concellos, outras administracións públicas e organismos e entidades dependentes na mesma



categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,50 por cada mes completo ou fracción, cun máximo de (2,5) dous con cinco puntos.

2. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,50 por cada mes completo ou fracción, cun máximo de (1) un punto.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que consten expresamente os períodos de alta e baixa no sistema da Seguridade Social e os grupos de cotización e copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

B) Proba práctica: puntuación máxima: 3,5 puntos.

Realizarase unha proba práctica sobre o terreo, na que se avaliará a pericia no manexo das ferramentas de roza e maquinaria. Esta proba realizarase por persoal cualificado baixo a supervisión do tribunal de selección.

C) Entrevista

Realizarase unha entrevista de carácter profesional sobre os méritos adecuados ás características do posto. Valorándose o coñecemento do territorio e as características propias do contorno e da poboación que o tribunal cualificador considere.

Á entrevista daráselle ata un máximo de 3 puntos.

Nos supostos nos que se obtivese igual puntuación por algún ou algúns dos candidatos, os desempates dirimiranse atendendo á maior puntuación obtida pola experiencia profesional.

No caso de persistir o empate, este dirimirase mediante sorteo.

D) Coñecemento da lingua galega.

O artigo 35 da Lei 2/2009, do 23 de xullo, de modificación do Texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece: “nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia, incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega, conforme coa normativa vixente...”

En cumprimento do sinalado, o tribunal realizará as entrevistas aos aspirantes en galego, debendo estes acreditar durante a proba o dominio axeitado da lingua galega. Estarán exentos da realización da entrevista en galego os aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes.

Esta proba ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

As persoas que non consigan praza, pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/algúnha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto, obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, prórrogas ou para outros labores de prevención e extinción de incendios, entón acudirán á dita bolsa, seleccionando ao/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ao/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese momento cos requisitos da cláusula terceira destas bases, o que suporá pasar ao final da lista, salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

A duración desta bolsa será ata o 31-12-2021.

Quinta. Documentación que se deberá presentar.

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia (anexo I) que se xunta a estas bases, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais, para a praza que se opte, dirixíranse ao alcalde deste Concello e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello <http://sancibrao.sedelectronica.es> ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de Correos antes de ser certificada. Neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante telegrama durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude no rexistro noutra Administración pública autonómica ou xeral.

O horario de presentación de documentación no rexistro do Concello será de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

As bases íntegras publicaranse igualmente na sede electrónica deste Concello <http://sancibrao.sedelectronica.es>, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello www.sancibrao.es

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Copia compulsada do documento que acredite a súa nacionalidade.

b) Fotocopia cotexada do curso Celga 2, iniciación de lingua galega ou a súa validación, se é o caso.

c) Certificado médico de que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo e o recoñecemento médico que deberán realizar previamente á contratación, para garantir as súas condicións de saúde para o traballo que se vai realizar.

d) Acreditación de estar en posesión da titulación exixida (xefe de brigada). No caso de titulación obtida no estranxeiro, deberase achegar o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

e) Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público (anexo II).

f) Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles en orixinal ou copia compulsada, cos requisitos establecidos na base das que rexen o procedemento selectivo.

g) Fotocopia do carné de conducir, no seu caso (xefe de brigada/peón condutor).

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias.



Así mesmo, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Sexta. Tribunal cualificador.

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as e a realización da entrevista, estará integrado polos seguintes membros:

▪ Tribunal titular:

Presidente:

D. Manuel Valentín Pérez Nieto, adxunto ao xefe do Servizo de Recursos Humanos Formación e Réxime Interior da Excm. Deputación Provincial de Ourense.

Secretaria:

Dña. M^a Isabel Colmenero Veloso, secretaria do Concello de San Cibrao das Viñas.

Vogais:

D. José Fírvida Rodríguez, xefe do parque de maquinaria da Excm. Deputación Provincial de Ourense

D. José Antonio Rodríguez Barros, operario de servizos varios do Concello do Pereiro de Aguiar.

Dña. María del Carmen García Pérez, secretaria-interventora do Concello de Sarreaus.

▪ Tribunal Suplente:

Presidente: D. Jesus Blanco Giró, tesoureiro do Concello de Barbadás.

Secretaria: Dña. Cristina Villarino Cuquejo, secretaria-interventora do Concello de Trasmiras.

Vogais:

D. José Ángel Basalo Coutado, chofer especialista da Excm. Deputación Provincial de Ourense.

D. José Antonio González Gallego, encargado de obras e servizos municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

Dña. Noelia Rodríguez Martínez, secretaria-interventora do Concello de Vilar de Barrio.

Segundo o recollido no art. 60 da Lei 7/2007 do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, ténndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir aos membros deste, declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a, esta última persoa sen voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente, conforme ao previsto na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sétima. Procedemento de selección.

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución da Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as, que se publicarán na sede electrónica deste Concello <http://sancibrao.sedelectronica.es>, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello www.sancibrao.es, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos non alegados ata entón).

O tribunal resolverá as reclamacións que se presenten, elevará -no seu caso-, a definitiva a lista de admitidos/as e excluídos/as. Coa publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos, procederase á fixación da data de realización dos exercicios contemplados na fase de oposición. O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as e unha vez realizadas a proba práctica e a entrevista, publicará no taboleiro de anuncios, as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valorar os méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos destes; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo, a través de publicacións na sede electrónica deste Concello <http://sancibrao.sedelectronica.es>, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello www.sancibrao.es.

Para o caso de empate na puntuación final, resolverase por sorteo.

Os/as traballadores/as seleccionados/as estarán obrigados a realizar, antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo, así como un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia, nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de San Cibrao das Viñas.

A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo, ou ben a non realización do referido curso, será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a.

Co obxecto de perfeccionar e dar continuidade á formación deste persoal, este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

As fases do procedemento selectivo que puidesen coincidir con probas de selección para outras prazas municipais realizadas o mesmo día e cos mesmos requisitos, poderán realizarse conxuntamente.

Oitava. Incidencias

O tribunal quedará autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas en todo o non previsto nestas bases.

Novena. Recursos

As presentes bases poderán ser impugnadas ante a Xunta de Goberno Local do Concello de San Cibrao das Viñas mediante recurso potestativo de reposición, nos termos contemplados no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O alcalde. Asdo. M. Pedro Fernández Moreiras.

(Ver anexos pág 31-33)



Anexo I

Modelo de instancia

Solicitude para participar no proceso selectivo de persoal laboral temporal mediante concurso- oposición de:

- ☐ xefe de brigada
- ☐ peón condutor
- ☐ peón

Ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de San Cibrao das Viñas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa.

Datos do/da solicitante.

Nome	Apelidos
DNI/NIE	Data de nacemento
Enderezo	
Poboación	Provincia
Teléfono	e-mail

DECLARO:

1. Que vistas as bases específicas de selección que rexen esta convocatoria, considero que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos e, polo tanto, solicito ser incluído no proceso selectivo.

2. Relación de méritos que achego:

- ☐ Copia cotexada da titulación esixida
- ☐ Copia cotexada do título de galego
- ☐ Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros
- ☐ Copia cotexada do carné de conducir
- ☐ Certificado médico oficial que acredite que as condicións de saúde do traballador son as adecuadas para o desempeño do posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo
- ☐ Declaración responsable
- ☐ Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...)

San Cibrao das Viñas, de de 2021

Sinatura,

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS



Información protección de datos.

En cumprimento coa actual normativa de protección de datos de carácter persoal, procedemos a informalo sobre o tratamento dos seus datos persoais:

1. Responsable do tratamento.

O responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de San Cibrao das Viñas, con enderezo en praza da Constitución, 1, 32911 San Cibrao das Viñas (Ourense), info@sancibrao.es.

2.- DOP: o delegado de protección de datos do Concello de San Cibrao das Viñas é Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, SL co que poderá contactar en info@sancibrao.es.

3.- Finalidade.

O acceso á condición de persoal laboral de Concello de San Cibrao das Viñas efectuarase de conformidade coa oferta de emprego público, mediante unha convocatoria pública e a través de calquera sistema contemplado na normativa vixente, sexa concurso, concurso-oposición ou oposición libre, nos que se garantirá, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

4.- Lexislación.

A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que nos outorga mediante a sinatura da solicitude.

5.- Destinatarios de cesións.

O Concello de San Cibrao das Viñas proporciona un servizo de promoción de emprego, axudando a terceiras empresas e entidades a cubrir os seus procesos de selección. Por favor, marque os recadros conforme ao consentimento que queira outorgarnos:

- ☐ Si, desexo participar en procesos de selección de terceiras empresas e/ou entidades coas que o Concello de San Cibrao das Viñas colabore, polo que consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados a estas, coa finalidade única de participar nos seus procesos de selección.
- ☐ Non, unicamente desexo participar nos procesos de selección do Concello de San Cibrao das Viñas, polo que non consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados a terceiras empresas.

6.- Dereitos

Por último, informámolo dos seus dereitos en materia de protección de datos.

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento e a opoñerse ao seu tratamento.
- Dereito á portabilidade dos datos.

Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI.

O Concello de San Cibrao das Viñas dispón de formularios adecuados para isto. Non ten máis que solicitalos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias do concello de San Cibrao das Viñas, praza da Constitución, 1, 32911- San Cibrao das Viñas (Ourense); info@sancibrao.es.

Para que poidamos gardar o seu currículo e tratar os seus datos nos procesos de selección, necesitaremos que nos outorgue o seu consentimento. Para iso deberá cubrir e asinar o seguinte recadro:

Nome e apelidos:

DNI:

Sinatura:



Anexo II

Declaración xurada

Proceso selectivo de persoal laboral temporal mediante concurso- oposición , de:

- ☐ xefe de brigada.
- ☐ peón condutor.
- ☐ peón

Ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de San Cibrao das Viñas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa.

D./D^a. _____,

con DNI núm. _____, con enderezo para os efectos de notificación en

DECLARA baixo xuramento ou promete, para os efectos de ser admitido no proceso selectivo arriba indicado:

- Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta.
- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;
- No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o aceso ao emprego público.

, de _____ de 2021

O/A solicitante,

Asdo: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS